



BASES DE PARTICIPACIÓN

CAMPAMENTO “XUNTOS NO NADAL”- PORTOMARIN CONCILIA

1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión a actividade “Campamento Xuntos no Nadal” dentro do programa “Portomarín-Concilia 2022-2023”. O concello de Portomarín a través da súa posta en marcha pon a disposición das familias un servizo dirixido aos rapaces e rapazas durante as vacacións de Nadal, no que poidan desfrutar dun momento de ocio, aprendizaxe de carácter lúdico; así como favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar das familias de Portomarín.

2.-METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar será a basada na realización de talleres de diversas temáticas e actividades tales como: manualidades, gymkhanas, deportes, teatro, baile, música, natureza, cociña tomando como base a temática principal do Nadal.

Cabe sinalar, que esta metodoloxía se adaptará en todo momento ás necesidades e idades dos nenos/as; permitindo así desenvolver actividades contextualizadas que favorezan o seu desenvolvemento potencial.

3.- DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS

O servizo está dirixido a rapaces e rapazas entre os 3 e 16 anos de idade; terán prioridade no acceso á prazas os/as empadroados na vila de Portomarín ou matriculados/as no CEIP “Virxe da Luz”. Poderán participar non empadronados sempre que dispoñan dun familiar de primeiro/segundo grao de consanguinidade empadronado na vila.

Por outra banda; naqueles casos de divorcio onde un dos proxenitores se encontre empadronado na vila e ostente a custodia do/da menor no período de nadal; terán





Concello de Portomarín

prioridade respecto aos non empadroados en xeral. Serán obxecto de estudo todas as situacións susceptibles de servizos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral co obxecto de facilitar ás familias os recursos necesarios. A valoración serán realizada polo departamento dos Servizos Sociais Municipais. Os/as participantes que non cumpran ditos requisitos non poderán participar no programa.

4.- PRAZAS OFERTADAS

O número máximo de prazas ofertadas é de 45, debendo de existir un grupo mínimo de 10 participantes. O lugar de realización da actividade é a **instalación xuvenil municipal** sita na R/Miño. Algunhas das actividades desenvolveranse no pavillón municipal de deportes. O lugar de entrega e recollida dos menores será a instalación municipal xuvenil. No caso de existir calquera cambio en función do lugar de realización da actividade informarase as familias previamente.

5.- HORARIO E CALENDARIO

O servizo seguirá o calendario das vacacións de Nadal do calendario escolar, correspondentes aos días non lectivos entre o 23 de decembro e o 5 de xaneiro (ambos inclusive). O horario estará comprendido entre as 10:00 e as 14:00h de luns a venres; excluídos días festivos.

Cabe sinalar, que o calendario, horario, así como a tipoloxía de actividades poderá ser modificada en función das necesidades que se detecten previa comunicación ás familias.

6.- FUNCIONAMENTO

O servizo será dirixido e coordinado pola empresa adjudicataria do servizo. Esta desenvolverá e dirixirá o servizo durante o tempo das actividades.

- No caso de que o comportamento dun alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade procederase a avisar á familia, e de persistir, a dar de baixa ao alumno/a.





Concello de Portomarín

- Os rapaces/as poderán levar a merenda da súa casa; sempre e cando se trate de alimento saudables.
- Para poder ser beneficiario/a do servizo, o/a neno/a non poderá faltar, sen xustificar, a máis de tres días. De ser así darase de baixa ao neno/a no servizo. Así mesmo, a falta de puntualidade na recollida dos participantes/as poderá supoñer a perda do dereito a actividade.
- Os/as participantes deberán acudir ó servizo respectando en todo momento os horarios de entrada habilitados para cada grupo de participantes e a zona habilitada de entrada ao recinto.
- Os participantes estarán sempre acompañados do persoal cualificado que desempeñará o posto. **Non se permitirá o acceso ás instalacións onde se realice o servizo**, de ninguén máis que os/as participantes, os monitores ou responsables e coordinadores das actividades ou instalacións.

7.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

É requisito indispensable para a adxudicación de praza cumprir cos criterios de idade. Terán prioridade na asignación de praza aquelas/as participantes empadroados na vila de Portomarín e/ou matriculados no CEIP “Virxe da Luz” fronte aos non empadroados, No caso de que o número de prazas solicitadas supere o número de prazas ofertadas, a orde de prioridade establecerase tendo en conta, os seguintes requisitos:

- Criterio de valoración da renda familiar (*), priorizando as familias cuxa renda per capita sexa menor. A renda deberá de ser inferior ou igual a 6,5 veces o IPREM.

A cal se verá incrementada nun 15% para familias de especial consideración (f.numerosas, f.monoparentais, mulleres vítimas de violencia de xénero con fillos/as a cargo ou calquera outra susceptible de valoración por parte das técnicas dos servizos sociais municipais).





Concello de Portomarín

- Proxenitores/as que se encontren traballando no periodo solicitado de disfrute da actividade. Terán prioridade na asignación de praza aqueles/as que traballen a unha distancia de máis de 20 km respecto da vila. Tendo preferencia aqueles/as que a súa xornada laboral teña comezo con anterioridade ao inicio do campamento.
- No caso de que varios irmáns presenten solicitude para a mesma opción e quenda, o feito de que un dos irmáns sexa admitido, suporá a admisión dos demais irmáns.
- Aquelas familias que non se encontren nos supostos anteriores, o criterio de adxudicación de praza establecerase conforme ao nº de orde de rexistro de entrada da solicitude.

Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida no apartado anterior.

***O cálculo da renda per cápita da unidade familiar** é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre o número de membros computables . A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

8.- PROCEDEMENTO-SOLICITUDES

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello. Todas as persoas solicitantes, ao momento de presentar a súa solicitude estarán aceptando as presentes bases.

As solicitudes serán cursadas polos dous proxenitores ou titores legais dos alumnos e alumnas no modelo facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I) o prazo de solicitudes será de 5 días hábiles a partir do día seguinte a súa publicación na sede electrónica municipal.





Concello de Portomarín

A presentación de solicitudes e demais documentación poderá presentarse a través da:

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.1 As solicitudes deberán ir acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

- Orixinais do DNI dos dous proxenitores ou titores legais; e de ser o caso do alumno/a.
- Orixinais do libro de familia.
- Solicitud (Anexo I)

8.2 Documentación acreditativa a aportar en base aos criterios de orde de adxudicación de praza.

- Declaración de ingresos da unidade familiar en relación ao IPREM 2021 (ANEXO II).
- Para a acreditación da incompatibilidade horaria dos/as pais/nais ou titores:
 - No caso de traballadores por conta allea: certificado da empresa en que se acredite o seu horario laboral.
 - No caso de traballadores por conta propia (autónomos): declaración xurada do profesional que traballa por conta propia con indicación da xornada laboral, e o último recibo en vigor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Naqueles casos de separación ou divorcio no que o/a proxenitor do/a menor ostente a custodia no periodo de inscrición: copia do convenio regulador de separación ou divorcio; declaración xurada da situación que ostenta ou calquera outro probatorio da situación.





Concello de Portomarín

- Naqueles casos que as familias se encontren nos supostos establecidos para adxudicación das prazas, deberán de presentar documento probatorio que xustifique a súa situación.

8.3 Documentación acreditativa da situación obxecto de bonificación:

- Familias numerosas - título oficial de Familia Numerosa, familias monoparentais certificado oficial de monoparentalidade.
- Acreditación da condición de muller vítima de violencia de xénero con fillos a cargo.
- Persoas con discapacidade dun 33% ou máis: certificado de recoñecemento da situación de discapacidade ou ben mediante tarxeta acreditativa.

A presente administración resérvase o dereito a poder solicitar calquera outra documentación complementaria ou adicional á requerida; en calquera momento dentro do período de execución do servizo previa comunicación ás familias.

No caso de que a documentación requerida fose presentada con anterioridade nesta administración e dentro do mesmo ano natural, non será necesaria a súa presentación. Aquelas persoas solicitantes que presentasen a declaración da renda 2021 con anterioridade a esta solicitude, non terán que presentar o anexo II.

9.- PREZOS E CRITERIOS SUBVENCIONABLES

Conforme ao estudo de custos e financiamento realizado a tal efecto e que será aprobado no seu momento, os prezos estimados son os seguintes:

9.1 Prezo xeral por participante e criterios subvencionables

Periodo	Prezo/praza
23/12/2022-05/01/2023	40,00€

6





Concello de Portomarín

Tendo en conta o previsto na normativa vixente, por razón sociais, benéficas e de interese público, o concello establecerá dotacións orzamentarias para complementar os custos anteriores, tendo en conta os seguintes criterios:

Nº	Criterio	Subvención municipal
1º	Empadronados no Concello de Portomarín e/ou matriculados con CEIP Virxe da Luz	15€
2º	Grao de discapacidade 33% ou superior	10€
3º	Familia numerosas, familias monoparentais, mulleres vítima de violencia xénero con fillos a cargo.	10€
4º	2 ou mais irmans inscritos na mesma quenda	10€

- Os criterios nº 2,3 e 4 non poderán acumularse.

10.- PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na páxina web municipal <http://www.concellodeportomarin.es/> e na sede electrónica <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> a relación de persoas admitidas e excluídas. Os/as solicitantes disporán dun prazo de dous días naturais para a subsanación de calquera erro.

Asinado electrónicamente á marxe do documento

O Sr. Alcalde – Presidente

Pablo Rivas Folgueira

7

